

TELEFONOS DE INTERESE

Casa do concello: 982 377 001
Garda Civil: 982 377 003
GES: 669 134 784
Centro de Saude: 982 377 759
Centro de día: 982 377 522
Parada de Taxis: 982 377 411
Colexio: 982 377 180
Instituto: 982 870 573
Espazo Lorenzo Varela: 982 377 814


CONCELLO DE MONTERROSO
Praza de Galicia, s/n - 27560
Monterroso - Lugo
(+34) 982 377 001
concello.monterroso@eidolocal.es

4



RUTA DOS SOUTOS E DAS CARBALLEIRAS

DISTANCIA 4,83 Km DIFICULTADE baixa
DURACIÓN 1 h 15' aproximadamente SENDEIRO circular

Este itinerario comeza na área recreativa do Caracacho, onde descenderemos unha leve costa pasando polo camiño de Santa Eufemia, seguidamente tomaremos o sendeiro á esquerda, un fermoso percorrido entre arbores centenarias e algún que outro banco para o descanso ou a contemplación da paisaxe desta zona. Se miramos á dereita poderemos observar a Casa Grande de Fondevila ao lonxe, continuando este roteiro chegaremos ao Picón (unha pequena zona de descanso). Despois subiremos pola estrada LU-P-3301 uns cen metros para logo tomar o desvío á dereita cara ao Fental, neste tramo poderemos disfrutar dun par de fermosas carballeiras, que invitan a facer unha parada. Xusto antes destas carballeiras deberemos xirar á man esquerda, onde comezaremos a subir cara ás primeiras casas do Fental, continuaremos por esta estrada ata atoparmos cunha sinalización de madeira que nos indica Arxona á dereita. Seguiremos por este sendeiro ata chegar a un cruce, aquí tomaremos o camiño da esquerda que nos levará ata Arxona, unha vez entremos na vila xiraremos á dereita, despois outra vez á dereita na primeira rúa e xusto na Casa Grande novamente á dereita para logo seguir pola estrada LU-P-3305 dirección Arada. Unha vez pasada a Igrexa de Arada andaremos uns 160 metros onde nos adentraremos nun camiño á man dereita que nos levará ata Satrexas, pasada a vila finalizaremos no punto inicial do Caracacho.

3



SENDEIRO DA FEIRA VELLA O MUÍÑO DO ALEMÁN

DISTANCIA 8 Km DIFICULTADE baixa
DURACIÓN 2 h 10' aproximadamente SENDEIRO circular

Trátase dunha ruta circular que comeza e remata na Feira Vella, exactamente na Avenida das Neves, punto moi céntrico da vila de Monterroso. Despois continuaremos pola rúa Piñeiro ata chegar á Avenida Xeral Salgado onde cruzaremos cara a rúa Vicente Risco. A poucos metros atopámonos cunha zona arbolada de castiñeiros, salgueiros e carballos; o comezo deste trazado está delimitado por muros de pedra aos lados, os cales nos facilitarán o seguimento ata chegar á choua das Quendas. Alí debemos cruzar a ponte, continuaremos polo sendeiro, a man dereita. Desde aquí imos ter a presenza do río Ulla (que nos levará ao muíño do alemán) ata chegar a área recreativa da Peneda. Unha vez atravesada a Peneda teremos que cambiar á marxe dereita do río pola ponte, onde pasaremos ao carón do muíño dos Pereiro por unha pontella de madeira. Continuaremos o curso do río, a uns catrocentos metros máis adiante atoparemos a seguinte pontella que nos levará a curva do río onde se atopa a Pena do Corvo (está na outra beira do río). Seguiremos o curso do río ata chegar a Ponte Pedriña e a Ponte Nova onde deberemos pasar por debaixo da Ponte Pedriña se o caudal nolo permite, ou por debaixo da Ponte nova da estrada Lugo - Pontevedra (N-640). Continuaremos o sendeiro pola beira dereita do río; o máis destacable deste tramo é o chamado Salgueiral de Vila. Noutros tempos alí medraban os salgueiros pero, agora o salgueiral é o bidueiral máis grande que se pode atopar en varios quilómetros á redonda. Continuaremos o camiño ata chegar o Muíño do Alemán (situado na outra beira do río), despois seguiremos camiñando cara ao interior da vila uns 400 metros deixando atrás o río e o muíño, de seguido tomaremos o sendeiro a man dereita ata chegar a estrada nacional (N-640), onde teremos que continuar por ela durante 200 metros. A seguir, cruzaremos a estrada e adentraremos noutro pequeno sendeiro que seguiremos ata chegar o centro da vila onde rematará esta fermosa ruta apta para todos os públicos.

PUNTOS DE INTERESE

Área recreativa do Caracacho



Zona axardinada con arboleda. A toponimia do lugar vén determinada pola existencia dunha antiga calzada romana. Posiblemente se tratase da vía que unía Lugo con Braga e Chaves, vía secundaria XIX do itinerario Antonino.

Fonte de Santa Eufemia



Segundo contan as lendas, nesta fonte ao estender a camisa dun neno enfermo sobre as súas augas e flotaba, o enfermo resultaría liberado dos seus males. Se non acontecía o devandito suceso, a vida do enfermo remataría nun curto espazo de tempo. Chama a atención a estrutura da fonte, asemellándose a unha calza soterrada no terreo.

Igrexa de Santa Eufemia de Satrexas

É un edificio de nave rectangular con sancristía pegada á dereita da capela maior. Os muros que a conforman son de cachotería e cadeirado de granito, e a cuberta de tella a dúas augas. A portada está rematada cunha espadana de dous vans.

Igrexa de Arada



Edificio do século XVIII, con nave rectangular e sancristía pegada ao alzado Norte da capela maior. Os muros que a conforman son de cadeirado e cachotería de granito, e a cuberta de tella a dúas augas. O arco triunfal é de medio punto, reafundido nas pilstras. A portada é adintelada, con decoración de pilstras estriadas e pirámides emboladas. A espadana que culmina o frontis está formada por dous corpos, con dous vans o inferior e o superior con van na parte central. O establo da capela maior é de estilo Neoclásico, e o das laterais Barroco.



PUNTOS DE INTERESE

Feira Vella

Antigamente era un campo aberto sen arboleda e non cultivable e estaba rodeado de Pazos e casas señoriais, o máis destacable é o Pazo de Lave, construído no 1520 e logo reformado no ano 1700 (século XVIII), e a súa capela data de 1450. Este espazo foi o verne que deu froito a actual vila de Monterroso, xa que comezou a medrar grazas a estas feiras nas que se celebraban reunións de compra e venda, sobre todo de gando e produtos da terra. O primeiro documento que atopamos relativo á feira é de 1557, é un documento notarial da audiencia de Vilamaior da Ulla.

As Quendas



É unha carballeira na que antigamente celebrábase unha comida polo san Cristovo, hoxe en día faise na Peneda o 10 de Xullo


A Peneda



A presenza dun antigo encoro utilizado para canalizar a auga

para o posterior uso da súa forza nos muíños, foi aproveitado para a creación da primeira piscina fluvial que aínda segue a estar habilitada para o baño. No 1982, construíronse dúas piscinas para deleite dos turistas e xentes da vila, así como unha impresionante área recreativa, composta por mesas, barbaços, papeleiras...etc. Xa nos anos 90, grazas a doazóns de diferentes veciños, foron adornando o complexo con elementos etnográficos e arqueolóxicos de moito valor. Entre eles destacan moas (rodas de moer), canles de muíños, hórreos de pedra, plas, e ata dous sarregos antropomórfos, posiblemente da baixa idade media. Esta área complementábase cun bar-restaurant, unha pista de tenis, un parque infantil e un camping. Así como tamén unha zona de pesca intensiva de troitas para os amantes da pesca.

Pontellas de Madeira



Durante o percorrido atopámonos con catro pontellas que facilitarán-nos paso en diferentes puntos do sendeiro. Estas pontellas están construídas con augas vixas da Casa Santalla, derribada ao redor do 1998.

Pena do Corvo



Gran penedo á marxe esquerda do río.

Pasares de Portosamil

Son un conxunto de pedras chantadas no leito do río, de tal maneira que facilitaban o cruce deste sen interromper o curso da auga. Normalmente localízanse en zonas de pouca profundidade, aínda que cando sobre o caudal son inaccesibles.

Ponte Pedriña



É o nome da antiga ponte que une os concellos de Antas e Monterroso, de orixe medieval.

Muíño do Alemán



Antigo muíño abandonado á marxe esquerda do río.

2



RUTA DO CAMINO DE SANTIAGO AO SEU PÁSO POR MONTERROSO

DISTANCIA	5,3 Km	DIFICULTADE	baixa
DURACIÓN	1 h 5' aproximadamente	SENDEIRO	lineal

O Camiño de Santiago (Francés) discorre 5,3 km polo concello monterroso, comeza na Serra de Ligoñe o trazado transcorre por unha estrada local procedente de Ventas de Narón (Portomarin), o recorrido está delimitado por un piñeiral á man dereita. Desde o alto pódese disfrutar dunha panorámica espectacular. A continuación comezaremos cun longo descenso ata chegar a Previsia e os Lameiros. Neste último punto atopáremosnos cun dos cruceiros máis importantes de Galicia, datado no ano 1670 ao carón dun carballo tanto ou máis vello ca el. O trazado continua recto ata Ligoñe, punto moi importante xa que na antigüidade existía un hospital de peregrinos; coma tamén un cemiterio adosado ao hospital. Hoxe en día recórdase cunha cruz enriba dun valado e un cartel informativo. Enfronte da antiga escola de Ligoñe, hoxe en día albergue municipal, atopámonos cunha das maiores dificultades técnicas deste tramo do Camiño, trátase dun sendeiro que apartase da estrada á man esquerda para descender por unha empinada rampa. Pódese evitar continuando pola estrada. Despois cruzaremos o río de Airexe por unha ponte e comezamos a subir cara a Airexe. Este pequeno núcleo de poboación ten un conxunto histórico formado por uns sarteiros antropomorfos da orixe medieval, a igrexa de Santiago, un cruceiro e unha casa reitoral. Tamén hai dous albergues, un de carácter público da Xunta e outro privado. A continuación tomaremos un cruce á esquerda, hai un pequeno descenso que nos conduce ata un lavadeiro e posteriormente o camiño vólvese a empinar para logo tomar un descenso ata Protos, primeira localidade do concello de Palas de Rei.

PUNTOS DE INTERESE

Cruceiro de Lameiros



Este cruceiro caracterízase por ser de dobre cara; nunha está representada a figura de Cristo crucificado e pola outra a virxe das Dores. Na base podemos observar unhas tenazas, unha coroa de espigas e unha caveira, referentes ao calvario de Xesús.

Hospital e Cemiterio de Peregrinos



Tense contancia del desde o século X, hoxe en día desaparecido, este hospital foi doado polo Conde Don Alonso I a súa dona Teodila Pepiz para redimir os seus pecados. Emprazábase nunha finca situada enfronte a actual estrada que vén desde Monterroso

Casa Carneiro



Alguns historiadores sinalan que está pousada gozou desde o S. XVI de dereito de asilo, e dicir, que aqueles perseguidos pola xustiza disfrutaban de inmunidade dentro das súas paredes. Cabe dicir que por alí pasaron e se detiveron Carlos I e o seu fillo Felipe II, o primeiro xantou en marzo do 1520, cando lá cara Santiago. Posteriormente embarcaríase na Coruña rumbo a Alemaña, onde sería coroado Emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico. O segundo pasou en maio do 1554 cando se trasladaba a Coruña para o seu casamento con María Tudor en Inglaterra.

laterais do muro hai esculpido na pedra ó profeta Daniel no foxo dos leóns.



Antiga Escola Republicana de Ligoñe (Albergue municipal)



Igrexa de Santiago e Cruceiro (Airexe)



A igrexa está reformada totalmente, conserva da súa construción románica o arco triunfal, sobre o altar pódese ver a inaxe de Santiago peregrino. Nun dos

1



RUTA DO ROMÁNICO NA NATUREZA

DISTANCIA	12 Km	DIFICULTADE	media
DURACIÓN	2 h 30' aproximadamente	SENDEIRO	circular

Comenzaremos a ruta na igrexa de San Miguel de Esporiz, a cal ten unha porta principal moi elaborada e digna de ver. Logo dirixirémonos cara ao nordeste. Saíndo de Esporiz xiraremos á esquerda con dirección a Cariza, onde comezaremos a ascender. Na propia Cariza unha fonte no medio duns carballos e un lavadeiro amósanos a riqueza do patrimonio etnográfico desta zona. Seguidamente chegaremos a Pena da Chousa Nova, no monte da Cariza. A continuación baixaremos a costa da Fontella ata chegar a estrada LU-221 a cal cruzaremos para atoparmos coas primeiras casas de Bidouredo. Case ao final da vila xiraremos á dereita para ascender ata a igrexa de Bidouredo. Seguindo o camiño, atopáremosnos novamente coa estrada LU-221, xiraremos a man esquerda e avanzaremos uns 170 metros ata chegar ao desvío da Moreira á man dereita, a continuación dirixirémonos cara ao Norte polo monte da Riega, xa na parroquia de San Lourenzo, neste traxecto poderemos admirar a beleza do entorno e a súa natureza. Despois de case 3 km comezaremos a ver as primeiras casas de San Lourenzo e máis adiante a súa fantástica capela, parada obrigatoria para os amantes do arte románico galego. Xusto pola parte traseira da capela tomaremos dirección o leste, xirando á esquerda, e a uns 765 metros chegaremos a igrexa de Santa María de Pedraza. Imos continuar o sendeiro por detrás da igrexa e tomaremos o camiño á man dereita, ata chegar a un cruce onde xiraremos outra vez á dereita, neste tramo poderemos disfrutar da paisaxe arbolada con bidueiros, carballos e algún que outro regato, durante uns 3 quilómetros ata chegar a Podente. Unha vez que pasemos Podente deberemos coler o primeiro desvío á dereita para chegar novamente a Esporiz.

PUNTOS DE INTERESE

Igrexa de Esporiz



Pertence á segunda metade do século XII, de estilo románico, aínda que foi reformada no século XVI e o presbiterio no século XIX. Ten unha nave rectangular cunha ábsida cadrada e sacristía conectada á esquerda do presbiterio. Os muros son de cachotería e cadeirado de granito, e cuberta de tella a dúas augas. Na nave, a portada principal é de medio punto, con arquivoltas interiores, decoración de arquivoltas e bandas no exterior, con dúas ordes de columnas e fustes estriados con bolas. Os capiteis están decorados con formas zoomorfas e vexetais. A portada sur ten un arco de medio punto oculto no exterior por un tímpano adintelado. No beirado do tellado consérvanse varios canzorros de decoración variada.

Igrexa de Bidouredo



Igrexa de estilo románico dunha soa nave e ábsida rectangular, construída na segunda metade do século XII. No muro sur, construción de fortes sillares, ábrese unha saetera con derrame cara ao interior. Na cornisa atopamos canzorros de punta de proa con escasa decoración. No muro norte ábrese unha saetera e unha sinela portada no que se pode apreciar as pedras santas sobre as que se

apoiaba o pórtico primitivo. A portada occidental é a obra máis interesante de todo o conxunto. Podemos atopar os canzorros na arquivolta de medio punto, dúas ordes de columnas con capiteis de decoración vexetais e o tímpano adintelado sobre mochetas, así como a espadana dun só van.

Igrexa de San Lourenzo



Templo románico máis antigo do municipio (inscripción de 1127). Ten importantes reformas dos séculos XVIII e XIX. A nave ten planta de cruz latina, cunha ábsida rectangular e sacristía adosada. Os muros son de cachotería e cadeirado de granito, a cuberta é de tella a dúas augas. A portada principal con porta de arco de medio punto e rematada en espadana de dous corpos dun só van e balaíste de pedra, con escaleiras de acceso desde o exterior. No muro norte da nave consérvanse na actualidade cinco canzorros da obra románica. Os retábulos que se conservan nas capelas laterais son de estilo neoclásico.

Igrexa de Santa María de Pedraza



Edificio con restos da estrutura románica, aínda que foi reedificada no século XIX. Ten planta de cruz latina con nave rectangular dividida en dous tramos, brazos

rectangulares de pequenas dimensións, presbiterio cadrado e sacristía adosada a este no lado esquerdo con acceso dende o exterior desde o presbiterio. Os muros son de cachotería e cadeirado, e a cuberta de tella a dúas augas. Na nave dispoñ dunha portada adintelada, ademais de varios canzorros pertencentes a obra románica. O frontis ten portada adintelada e culmina cunha espadana de dous corpos e balaíste de pedra na parte traseira na que se accede dende unha escaleira exterior que se asenta sobre o muro dereito da nave. Destacan no seu interior dous retábulos laterais de estilo neoclásico.

Pazo de Podente

Non queda na mesma ruta, habería que desviarse un 500 metros Edificio de construción Barroca, que porta en tres escudos as armas dos Salgado, nun dos muros, e dos Rivera, no portallón da entrada e na fachada principal. Edificio con planta en L, con dúas plantas. Está construído con cachotería e cadeirado de granito, e cuberta de tella a dous e catro augas. Rodea o terreo e a casa un muro cun portal de acceso con arco de medio punto, cun escudo na doela central. Na parte posterior ten unha grande solaina, con balaístres e base de granito. Conserva íntegra a cocíña, que se referencia ao exterior cunha grande chimenea cadrada, rematada cunha estípite en cada esquina. Para acceder ao primeiro piso hai unha escaleirata de granito.

1



2



3



4

